

SANTUARIO DE SANTA MARÍA A REAL DO CEBREIRO (LUGO)

Xosé Troiano Carril

O edificio conforma un exemplo característico da arquitectura altomedieval galega. Igrexa ampla e irregular composta por tres naves cubertas a dúas augas con grandes laxas de lousas sobre armazón de madeira. No interior a central é máis ancha e alta cas laterais, que se rematan en cabeceiras rectas. A maior ten catro pequenos vans abertos en seteira que filtran a luz. As naves sepáranse por medio de tres piares de granito que sosteñen dous grandes arcos de medio punto. As laterais cóbrense con bóvedas de canón, e a central cunha estrutura de madeira a dúas augas. Sepáranse entre si por medio de arcos feixóns de medio punto. A nave setentrional é onde se atopa a Capela do Milagre, onde podemos ollar o relicario doado polos Reis Católicos, un Cáliz e unha Patena. A capela comunícase col presbiterio por medio dun arco apuntado. No muro meridional hai dúas tumbas antropomórficas, que supostamente albergan os restos dos dous protagonistas do milagre, o monxe e o fiel que foi á misa. O baptisterio con propio recinto e cunha pia bautismal, única testemuña que quedou do templo fundacional do século IX. Esta pia é do século XVIII, na que o sacramento se impoñía por inmersión

O templo de Santa María A Real foi fundado polo conde de Aurillac; pertencente á orde de Cluny, é o monumento máis antigo da ruta xacobeana integralmente conservado, aínda que cabe sinalar que a actual fachada non é a orixinal. Ten un pórtico en arco de medio punto e na súa esquerda sitúase unha pequena torre con catro ocos en arco de medio punto onde se sitúan as campás que a continuación pasamos a describir.



Santuario de Santa María A Real no Cebreiro, Lugo.

Como xa dixemos anteriormente, a torre campanario ten catro ocos para outras tantas campás, mais tan só ten dúas, unha situada no frontal e a outra situada no oco lateral esquerdo. Teñen xugos de madeira en bo estado e tócanse mediante electro-mazo.

Campá maior, frontal da torre.

A campá maior conta cunhas medidas de 80 cm de diámetro e 68 cm de alto interior cun peso aproximado duns 297 Kg.

No “Terzo” (T), ten dous cordóns e unha inscrición: “JHS Y MARIA ANO DE 1901”. Pechando esta inscrición con dous cordóns.

No “Medio” (M) sitúase unha cruz cunha plataforma de cinco chanzos, elaborada a base de selos con decoración interior de catro estrelas. A cruz formada pola stipes e o patibulum está decorada con dobre ringleira de estrelas e os brazos teñen remates flamexados. Cingue a cruz cunha greca a base de triángulos adornados con estrelas no seu interior. Dous cordóns pasan polo medio da stipes. Polo lado contrario da campá, pegado ó cordón inferior, ten a inscrición seguinte: “DEDICADA / AL STº MILAGRO DEL / CEBRERO”. Xusto debaixo, unha figura de Santa Bárbara.

No “Medio Pé” (MP), van tres cordóns rematando coa inscrición no “Pé” (P): “Blanco Me Hizo”. Este Blanco é o mestre fundidor **Gregorio Blanco Isla**, natural de Pacios, Ribas Altas (Monforte de Lemos, Lugo).



Campá maior situada no campanario de Santa María A Real do Cebreiro, Lugo.

Campá menor, oco esquerdo da torre.

A campá maior conta cunhas medidas de 70 cm de diámetro e 61 cm de alto interior cun peso aproximado duns 200 Kg. A campá está xirada 180º posto que a cruz mira cara ó interior e non como manda a tradición, mirando cara ó exterior.


No “Terzo” (T), ten dous cordóns, unha greca vexetal, un cordón e a inscrición seguinte: “CABALLEROS DEL SANTO GRIAL”. Pecha esta inscrición con outro cordón.

No “Medio” (M) sitúase unha cruz cunha plataforma de dous chanzos, elaborada a base de selos con decoración interior de pétalos. A cruz formada pola stipes e o patibulum ten a mesma decoración e os brazos teñen remates vexetais. O remate da stipes excede o cordón do terzo. Polo lado contrario da campá, ten a inscrición seguinte: “(CABALEIROS DO SANTO GRAAL) / AÑO 1984”. Xusto debaixo, o sinete ou marca de fábrica que consiste nun óvalo coa inscrición interior seguinte: “CAMPANAS QUINTANA / ESPAÑA / SALDAÑA-PALENCIA”.

No “Medio Pé” (MP), van tres cordóns e rematando a decoración cun cordón no “Pé” (P).



Campá menor de Santa María A Real do Cebreiro, fundida por “Campanas Quintana” en 1984.



Dúas fotografías da campá menor de Santa María A Real do Cebreiro, Lugo, fundida en 1984.



Inscripción da campá maior de Santa María A Real do Cebreiro, fundida por Blanco en 1901.



Data da campá maior de Santa María A Real do Cebreiro: "(A)NO DE 1901"



Inscripción da campá maior de Santa María A Real do Cebreiro: "(JHS) Y MARIA ANO DE 19(01)."